

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de xaneiro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez (incorpórase no punto 22)
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Iolanda Veloso Ríos
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D. Xesús López Carreira
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e dous minutos do día vinte e un de xaneiro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(41).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(42).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E INSTRUCCIÓN DE PLANTILLA DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 18746/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.01.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión extraordinaria de data 22 de decembro do 2008 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente os Orzamentos Xerais do Concello para o ano 2009; acordo publicado no BOP nº 249, do venres 26 de decembro do 2008.

No dito documento se recolle o cadre de persoal orzamentario para o dito exercicio económico, determinándose o estado de gastos do Capítulo I en 60.307.714,48 euros segundo publicación oficial no BOP.

A vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto do 2008 (publicación no BOP nº175, do mércores 10 de setembro do 2008.) Con independencia de que a mesma é relativamente recente no tempo, non é óbice para que deba adaptarse ás oportunas actualizacións retributivas contidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o presente exercicio económico, así como ao axuste da mesma á estructura real das áreas, servizos e unidades administrativas existente no Concello, incorporando asemade todas aquellas modificacións derivadas dos posibles cambios de adscripción de postos de traballo ou de efectivos entre os distintos servizos, xunto coas eventuais modificacións puntuais do citado instrumento que puidesen ter sido efectuadas ata o momento.

Segundo.- En cumprimento das instruccións do servizo correspondentes, en data 13/01/2009 os Técnicos de Organización e Métodos e de Recursos Humáns do Servizo emitiron informe técnico obrante no presente expediente, incorporándose igualmente diversas instruccións do servizo do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sobre a configuración e retribucións de determinados postos de traballo, xunto con instruccións do servizo adicionais asinadas polos diferentes concelleiros/as delegados/as de área en relación aos postos de traballo encadrados nos servizos ou unidades administrativas das cales son xestores.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Consideracións previas.- Con carácter previo, debe deixarse constancia –en canto á legalidade da proposta que se somete a debate e para o que poda resultar de relevancia no presente expediente- da circunstancia de que a funcionaria suscibinte recibe orde do servizo verbal de tramitar o expediente de aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2009 o martes, 13 de xaneiro do 2009, así como de telo en disposición de ser remitido á Intervención Xeral para a preceptiva fiscalización previa no día do venres, 16 de xaneiro do 2009.

O documento da Relación de Postos de Traballo dunha Administración Pública e Instruccións de Plantilla anexas constitúe un documento de vital importancia tanto na organización interna da mesma como nos sistemas de xestión do persoal existentes nela, por canto que conforma o pilar organizativo e ordenador da totalidade dos postos de traballo existentes, onde se encadra cada un dos efectivos dispoñibles, afectando non só ao seu réxime retributivo, senón tamén á relación de servizo ou laboral que une a cada un deles co seu empregador, fixando igualmente os sistemas de provisión dos postos de traballo; os requisitos para o desempeño dos mesmos; os intervalos mínimos e máximos de niveis de complemento de destino legalmente asignados; e a denominación dos postos de traballo e a súa incardinación nas distintas áreas ou servizos, intentando armonizar tanto a realidade existente como a eficiencia e eficacia na adecuada prestación do servizo público, entre outros moitos aspectos.

Adicionalmente, e consonte ao disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Emplegado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) constitúe materia obxecto de negociación colectiva, a cal deberá formalizarse na correspondente Mesa Xeral ou Sectorial de Negociación ex artigos 34 e 36 da mesma norma, xunto coa elaboración do borrador, revisión e depuración das instruccións de plantilla anexas ao dito documento, adaptación ás redistribucións de efectivos e/ou cambios de adscripción que puidesen ter sido efectuados dende a aprobación da Relación de Postos de Traballo actualmente vixente (correspondente ao ano 2008).

Mesas Xerais de Negociación que foron celebradas os días 15 de xaneiro do 2009 e o propio 16 de xaneiro do 2009, segundo consta nas copias das actas incorporadas ao presente informe (documentos n°s 1 e 2) de xeito tal que resultou material e xurídicamente imposible a emisión de informe xurídico nin proposta de acordo cun recendo da documentación completa que conforma o expediente obxecto de informe, como efectivamente non se puido facer materialmente ata a data de hoxe.

En consecuencia, déixase testimonio de que a disposición de tempo adecuado permitiría o correcto estudio, avaliación coherente e sistemática do documento existente e comparativa co deseño do futuro documento en base ás instruccions outorgadas, así como o estudio da legalidade que preceptivamente debe verificarse en cada unha das propostas que se someten á resolución dos distintos órganos municipais segundo o previsto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

Igualmente, e de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999 (LR-XAP-PAC), e para sucesivas ocasións lémbrase que os informes serán evacuados no prazo de 10 días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos permita ou esixa outro prazo maior ou menor; prazo que, sendo breve, considérase que permitiría efectuar un estudio adecuado da legalidade e da perspectiva da xestión do persoal municipal en relación ao documento que se somete a aprobación.

Por outra banda, debe sinalarse que á data de hoxe a funcionaria suscribinte tampouco dispón do documento técnico-contable resultante da aprobación definitiva polo Pleno do Concello do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2009, descoñecéndose as contías totais, actualizadas e definitivas que en canto a retribucións do persoal municipal se detallan no mesmo; nembargantes, da lectura da copia da certificación da cal se dispón (documento nº 3) presúmese que o acordo adoptado polo Pleno do Concello cumple coa legalidade vixente en canto aos límites que para o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público establece a Lei 2/2008, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009 –en base a cuxas previsións foron elaborados os orzamentos e informado o Capítulo I de gastos-, en aplicación do principio de presunción da legalidade dos actos e acordos emanada do artigo 57.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Efectuadas as precedentes consideracións, e co alcance contido nas mesmas, valorarase -na escasa medida en que a premura na evacuación do informe o permite- o documento técnico da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2009:

I. A entrada en vigor o 13 de maio do 2007 do novedoso marco normativo constituído pola xa mentada Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público -que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 da mesma- conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e aos instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes.

O artigo 74 da dita norma establece que as Administracións Públicas estructurarán a súa organización a través de relacóns de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Os ditos instrumentos serán públicos.

II. Contempla a aplicación da Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público a vixencia o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto; instrumento que é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humáns dos que disponen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, residencia nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das Relacións de Postos de Traballo ou instrumento equivalente na Xunta de Goberno Local, xuntamente coas retribucións do persoal municipal, sempre de conformidade co orzamento aprobado polo Pleno, e obviamente respectando a competencia plenaria que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

Tal competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine –obviamente salvada a competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da ÁREA de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- conleva que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- *Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.*
- *Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.*
- *Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.*
- *Determinación das retribucións básicas e complementarias de conformidade cos orzamentos municipais vixentes en cada momento e nos termos do disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do estado apra cada exercicio económico.*

III. A título ilustrativo, resulta de sumo interese o Informe emitido en abril do ano 2005 pola Comisión para o estudio e preparación do Estatuto Básico do Empregado Público -constituída por ORDEN APU/ 3018/2004, de 16 de setembro, e integrada por expertos xuristas e técnicos de recoñecida experiencia en materia de Función Pública e ordenación e xestión de recursos humáns nas Administracións Públicas – que efectúa unha serie de consideracións de grande relevancia en canto á concreción da relación de postos de traballo como instrumento canalizador do funcionamento práctico das Administracións Públicas a través do emprego público:

“Cuando hablamos de estructura del empleo público, apuntamos al modo de organizar la relación entre las personas y las tareas en una organización, así como a la ordenación y jerarquización de los diferentes tipos de tareas del modo que resulte más adecuado en cada caso para garantizar el buen funcionamiento del sistema en su conjunto.

Tradicionalmente, la función pública en España se ha organizado en cuerpos y escalas, lo que no ha impedido ulteriormente la inserción del puesto de trabajo como uno de los elementos estructurales básicos del sistema de empleo público. Esta inserción se lleva a cabo a partir de la Ley de Funcionarios Civiles del Estado de 1964 y, con mayor énfasis, en la Ley 30/1984, de Medidas para la Reforma de la Función Pública. Sin embargo, la inserción del puesto de trabajo en el sistema no se ha desarrollado en plenitud y ha dado lugar a ambigüedades que afectan negativamente a diferentes áreas de la gestión de recursos humanos en el empleo público.

Así, sigue faltando una definición legal precisa de lo que haya de entenderse por “puesto de trabajo” y una clarificación de cómo la gestión por puestos se combina con la existencia de cuerpos, escalas, clases y categorías. Esta ambigüedad ha generado frecuentemente la percepción de que el modelo encierra una contradicción no resuelta entre dos modelos antitéticos de gestión del empleo. En nuestra opinión, se trata de una falsa antinomia, que el Estatuto Básico debería ayudar a resolver.

En cualquier caso, la organización de la función pública no es igual, en la práctica, en todas las Administraciones. Por ejemplo, es obvio que en muchas Entidades Locales la ordenación en cuerpos y escalas no existe o tiene menor relevancia.

Por otra parte, y por lo que se refiere al personal laboral, la estructura del empleo público suele ser más flexible, dependiendo de la negociación colectiva, aunque en ocasiones se tiende a reproducir a través de ésta un modelo de clasificación de grupos y categorías de empleados similar al de la función pública.

La Comisión considera que el puesto de trabajo debe ser contemplado en todas las Administraciones Públicas como el núcleo básico de gestión de recursos humanos. Su centralidad es incuestionable, dado que en torno a él se deberían desarrollar necesariamente –y, en la práctica, se desarrollan ya hoy en buena medida– diferentes componentes de la gestión de recursos humanos:

- a) la definición de los perfiles de idoneidad de las personas para el desempeño de las funciones;
- b) la asignación y supervisión de las tareas;
- c) la evaluación del desempeño de los empleados;
- d) la fijación de la retribución, o mejor dicho, de una parte de ella;
- e) una de las modalidades de carrera profesional, aquélla que implica cambio de puesto de trabajo.

En ocasiones, incluso el acceso al empleo público se produce directamente a través del puesto de trabajo y no de un cuerpo o escala. Piénsese en pequeños municipios y en el empleo público laboral. Todas las Administraciones y Entidades Públicas deberían, por tanto, diseñar sus puestos de trabajo, y también deberían ordenarlos y clasificarlos, con el fin de identificar su estructura global de organización del trabajo y jerarquización de las tareas.

No sólo eso, sino que, cualquiera que sea la forma que se adopte para ello (catálogos, relaciones de puestos, etc.) la necesidad de disponer de alguna clase de instrumento global de ordenación es universal.

Además, resulta necesario en muchas Administraciones definir y crear agrupaciones de puestos por una o más de las siguientes razones:

- a) Para organizar la selección de empleados de manera más eficiente que si se hiciera puesto por puesto. A partir de cierta dimensión organizativa, es imprescindible agrupar los puestos, definiendo unos perfiles de competencias más genéricos que los que corresponderían a cada puesto de trabajo objeto de agrupación, y organizar el acceso de los empleados a la organización sobre esta base. Son las agrupaciones que denominamos cuerpos, escalas, clases, especialidades...
- b) Para organizar adecuadamente la movilidad funcional (movimientos de las personas entre puestos de la misma organización), huyendo tanto de la dispersión, que comprometería la idoneidad, como del excesivo encasillamiento, que sería un factor de rigidez a la hora de gestionar el empleo. Este propósito puede exigir la definición de áreas funcionales, familias o grupos profesionales específicos en diferentes Administraciones.
- c) Para otras finalidades conectadas con la planificación y la gestión del empleo público.

El puesto de trabajo, considerado como el núcleo básico de la estructura del empleo público, según se ha dicho, se define como el conjunto de tareas, funciones, responsabilidades y finalidades que se asignan a una persona en una Administración Pública. Toda organización pública debería, pues, identificar adecuadamente sus puestos de trabajo o tipos de puestos de trabajo en los correspondientes instrumentos de gestión interna.

La identificación de cada puesto debería tener en cuenta, entre otros elementos, los siguientes:

- a) Su contenido funcional.

- b) La ubicación del puesto en la estructura organizativa.
- c) El perfil de competencias que se requiere para ocuparlo, que debe ser coherente, obviamente, con las exigencias funcionales del puesto.
- d) El carácter de fijo o temporal del puesto de trabajo, si se trata de un puesto a tiempo completo o parcial, etc.

Ahora bien, la ordenación de los puestos debe ser flexible. Por ello, la descripción de los contenidos funcionales del puesto debe hacerse de tal manera que haga compatible la claridad de las responsabilidades individuales con las necesidades de adaptación de la organización a un entorno cambiante de exigencias. Por otra parte, por necesidades del servicio, todo empleado debe poder ser requerido para la realización de tareas que no formen parte del contenido del puesto que ocupa, si tiene el perfil de competencias preciso para ello.”

IV. No que respecta aos instrumentos de ordenación de postos de trabalho, tal informe contempla que:

“Una cosa es, sin embargo, la identificación de los puestos de trabajo y de su contenido funcional, y otra distinta el documento público en el que se establecen los requisitos para desempeñarlo y los efectos ligados a su desempeño.

Entre nosotros, a raíz de la Ley 30/1984, el instrumento básico para ordenar la actividad han sido las Relaciones de Puestos de Trabajo, fundadas en una clasificación y diseño previo de los puestos, de sus características esenciales y de los requisitos exigidos para su desempeño.

Sobre este instrumento ha girado, por lo demás, todo el sistema de carrera administrativa.

La Relación de Puestos de Trabajo ha sido, sin duda, un instrumento decisivo del proceso de modernización que han experimentado nuestras Administraciones Públicas (o la mayoría de ellas) en los últimos decenios. Ello no obstante, su regulación actual y su aplicación práctica han planteado también algunos problemas, que conviene afrontar.

Por una parte, el diseño de los puestos de trabajo presenta dificultades técnicas, que las Administraciones más pequeñas o menos dotadas –sobre todo en el ámbito local- no pueden resolver por sí mismas. De ahí que muchos pequeños municipios carezcan, aún hoy, de Relación de Puestos de Trabajo. Pero hay que añadir de inmediato que no siempre son, en esas pequeñas entidades locales y en otras áreas, un instrumento imprescindible y útil, ya que cuentan con muy pocos empleados, que están llamados a desempeñar funciones múltiples y muy diversas.

En Administraciones más grandes, las Relaciones de Puestos de Trabajo se han generalizado, pero han planteado otro tipo de problemas, ligados a la excesiva rigidez y falta de versatilidad con que, a veces, se define en ellas el contenido de los puestos, lo que dificulta la distribución de las tareas que son necesarias y genera conflictos internos e inefficiencia.

Ello sin mencionar ahora el problema que supone la inflación de puestos de niveles superiores, derivada no de necesidades organizativas, sino de la presión por alcanzar incrementos retributivos que el sistema vigente no permite conseguir de otra forma. En realidad este último problema ha llegado a distorsionar en muy buena medida la función de las Relaciones de Puestos de Trabajo: en vez de definir las características de cada puesto, de la que derivarían sus consecuencias retributivas, han pasado a ser en muchos casos el reflejo y la justificación formal (o artificial) de decisiones previas sobre las retribuciones a asignar a cada puesto (o empleado público). Pero sobre esta cuestión hemos de remitirnos al análisis del modelo de carrera profesional que se realiza más adelante.

Dicho que la ordenación del trabajo en el ámbito público debe seguir basándose, como regla general, en un sistema de puestos de trabajo, no es, sin embargo, imprescindible que todas y cada una de las Administraciones Públicas cuenten con su Relación de Puestos de Trabajo, tal como ahora están configuradas. Basta que, en

ejercicio de su potestad organizativa, establezcan alguna clase de instrumento global de ordenación de la estructura de puestos, cualquiera que sea su denominación y sus peculiaridades.

Además, según hemos señalado, debería diferenciarse el documento público –llámese Relación de Puestos de Trabajo, Catálogo o de otra forma–, que clasifique los puestos de trabajo y señale el perfil o los requisitos esenciales exigidos para su desempeño, así como las retribuciones correspondientes a cada puesto, de la identificación precisa de su contenido funcional. Esta última debe establecerse más bien en instrumentos de carácter interno y de mera gestión, carentes de valor jurídico y fácilmente modificables, con el fin de evitar la rigidez excesiva del diseño de los puestos a que nos hemos referido.”

V. Como xa se sinalou nos antecedentes do presente informe, os Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o exercicio económico 2009 foron debatidos e aprobados definitivamente en sesión de data 22 de decembro do 2008 e publicados no BOP nº 249, do venres 26 de decembro do 2008, recolléndose como é preceptivo no dito documento o cadre de persoal orzamentario para o presente exercicio económico, xunto coas correspondentes previsiones económicas en canto a gastos de persoal (retribucións básicas e complementarias).

Polo que respecta ao Capítulo I do mesmo (“Gastos de persoal”), debe salientarse que, segundo copia da certificación do acordo plenario aprobatorio dos mesmos incorporada ao presente expediente administrativo, o Pleno, en sesión de data 22 de decembro do 2008, acordou literalmente (apartado Décimoprimeiro):

“Estimar a alegación feita polo Sr. Concelleiro da Área de Xestión Municipal. Esta alegación supón axustes e variacións tanto de tipo cualitativo como cuantitativo, que en ningún caso alteran o importe do proxecto orzamentario aprobado e que ademáis non ten repercusión ningunha nos equilibrios orzamentarios, xa que non supón unha variación cuantitativa dos empregos correntes. Prodúcese unha variación cuantitativa entre o capítulo I e II, que en ningún caso altera a estabilidade orzamentaria....” (non se reproduce o contido íntegro do texto pola súa exhaustividade, figurando incorporada como parte inseparable do presente informe).

Igualmente, no informe emitido pola funcionaria suscrito en data 25/11/2008 por relación ás alegacións presentadas ao proxecto de orzamentos municipais correspondentes ao ano 2008, fíxose constar que a determinación e aprobación das retribucións dos empregados/as públicos consonte á legalidade vixente, a fixación de complementos específicos e complementos de destino (conceptos retributivos vixentes segundo o disposto na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do EBEP xa citado) xunto coa aprobación da relación de postos de traballo, así como a xestión do persoal municipal, son competencia da Xunta de Goberno Local, que en todo caso deberá respetar tanto as dotacións económicas totais para o Capítulo I previstas no documento económico-econtable aprobado polo Pleno municipal en sesión de data 22 de decembro do 2008, así como os intervalos de nivel de complementos de destino normativamente asignados a cada grupo segundo dispón o artigo 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, supletoriamente aplicable ao persoal ó servizo da Administración Local e plenamente vixente en tanto non se opoña ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, en tanto non se desenvolva normativamente o novo réxime retributivo dos empregados públicos deseñado pola Lei.

VI. Os técnicos de recursos humáns e de organización e métodos en data 13/01/2009 emiten informe técnico incorporado ao expediente, no cal se conteñen:

- a motivación da determinación das retribucións complementarias e novas denominacións de postos que se incorporan ao documento técnico de Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2009.
- a financiación das modificacións retributivas contidas no dito documento, nos termos do documento orzamentario definitivamente aprobado polo Pleno do Concello o 22/12/2008 e as partidas orzamentarias concretas que minoran e incrementan gasto.
- a referencia ás instruccións do servizo contidas no expediente, tanto do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal como dos restantes concelleiros-delegados/as de área, relativas ás necesidades dos servizos que xestionan.

Informe que, levando incorporada proposta de acordo, debe ser analizado nos termos seguintes:

a) Polo que respecta á aplicación efectiva da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Polícias Locais, debe salientarse que o artigo 24, apartados 1 e 2 da mesma contempla a reintegración das prazas nos grupos de titulación correspondentes segundo se indica:

- Inspector principal e inspector, que pasan do subgrupo C1 ao subgrupo A2.
- Oficial e policía, que pasan ao subgrupo C2 ao subgrupo C1.

Dita reintegración efectuarase con arreglo ao previsto na Disposición Adicional Primeira e Disposición Transitoria Primeira da dita Lei.

Tal e como xa se sinalou pola funcionaria suscibente no informe ao Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, emitido o 20/10/2008 ;no informe ás alegacións ao capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais para o ano 2008; no informe xurídico-proposta de acordo efectuado no marco do expediente administrativo da Relación de Postos de Traballo Municipal de data 15/05/2008 (expediente administrativo nº 18.028/220) e igualmente no informe xurídico emitido en relación á adecuación retributiva de 5 postos de traballo encadrados nos subgrupos C2 e transitorio E (antigos D e E) tramitada no expediente nº 18.224/220, da lectura do teor literal da Lei parece ben claro que existe un prazo de 3 anos para a realización da devandita integración no Concello de Vigo, a efectos retributivos pero sen que ésta implique incremento de retribucións, alomenos únicamente os establecidos para os supostos de cambio de grupo (do antigo D ao C e do antigo C ao B); a propia Administración autonómica interpretou a Lei na “Conclusión da análise de diversos preceptos da Lei 4/2007” da que se deu conta na Comisión de Coordinación do 5 de novembro do 2007, e que foi remitida a todos os corpos de Polícia Local dos concellos galegos. Circunstancia ésta que deberá ser tida en conta para eventuais adecuacións retributivas que ulteriormente podan efectuarse.

b) En canto ao incremento dos importes do complemento específico correspondentes ao Servizo de Extinción de Incendios aos efectos da inclusión das horas estructurais recoñecidas, reitérase idéntica manifestación que a xa efectuada no informe ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2009, emitido pola suscibente o 20/10/2008, cando se sinalou que xa con acertado criterio tense manifestado pola Intervención Xeral do Concello, na súa condición de órgano de fiscalización, que as retribucións en concepto de gratificacións –ao igual que sucede co complemento de productividade- non poden ter carácter fixo nin periódico no seu devengo. As contías consignadas son esencialmente as que xa se detallaban na relación incluída dentro da Instrucción da Alcaldía do 15 de outubro do 2008, aos efectos da consolidación das ditas retribucións no complemento específico.

En relación ás mentadas horas estructurais, debe salientarse a existencia dun acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 15 de setembro do 2008 (expediente nº 8/105), no cal se acordou, entre outros aspectos, a aplicación do artigo 23 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao Servizo do Concello de Vigo, con efectos desde o 7 de marzo do 2008, en canto ao aboamento do 100% dos importes por exceso de xornada (horas estructurais) en caso de enfermidade común ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios; acordo que foi aprobado co informe favorable do Titular da Asesoría Xurídica Municipal de 7 de febreiro do 2008 incorporado ao expediente en cuestión, e que á data de hoxe é válido e eficaz nos termos do consignado no artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP-PAC) xa referenciada, non constando á data de hoxe que teña sido recorrido en prazo nos termos do establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

c) Recolle igualmente o documento técnico da Relación de Postos de Traballo a adecuación retributiva acordada pola Xunta de Goberno Local o 15/09/2008, tramitada en expediente administrativo nº 18.224/220; acordo que á data de hoxe é plenamente válido e eficaz nos termos do consignado no artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP-PAC) xa referenciada, non constando á data de hoxe que teña sido reco-

rrido en prazo nos termos do establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

d) En relación á modificación dos complementos específicos á que se fai mención no informe dos técnicos de Organización e Métodos e Recursos Humáns de data 13/01/2009, debe partirse da premisa básica de que teñen sido propostas polos distintos concelleiros/as delegados/as de Área, así como do propio Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, das cales pode manifestarse que reflecten as políticas de xestión do persoal municipal; de xeito tal que, con independencia de que se comparta ou non o seu contido dende un punto de vista da eficaz xestión dos efectivos existentes no Concello de Vigo -así como dos mecanismos legais e procedimentais de avaliación do rendemento e xestión das propias competencias susceptibles de ser implantados para a parametrización, determinación e establecemento de criterios comúns para a totalidade do persoal municipal en canto á promoción profesional, definición das funcións propias dos postos de traballo acordes co corpo e escala de incardinación da praza de ingreso do efectivo...etc- en estricta execución dos mesmos inclúense no borrador técnico da Relación de

Postos de Traballo, non sen antes engadir, como observacións de necesaria realización, as seguintes:

- As reestructuracións internas dos servizos deberían ser previamente informadas e propostas polos diferentes xefes/as das áreas ou servizos, directamente coñecedores da realidade diaria no desenvolvemento do traballo e do rendemento real dos efectivos existentes, así como das necesidades do propio servizo.
- A creación de diversas xefaturas, novas redenominacións de postos de traballo e mandos intermedios ata o momento inexistentes debe valorarse de cara á definición das obrigadas guías de funcións dos mesmos, ou ben á actualización das existentes, lembrándose que na actualidade está pendente a aprobación das guías de funcións correspondentes aos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación, co risco de que se podan xenerar “autoatribucións” de funcións de facto polo propio empregado/a público/a carecendo de praza especializada ao efecto nos termos do previsto nos artigos 167 a 175 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Sobre o incremento do complemento específico aparellada á redenominación dos postos de traballo aos cales figuran adscritos funcionarios do Corpo de Policía Local que prestan apoio do “Protocolo de colaboración e coordinación entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e a Policía Local para a protección das vítimas de violencia de xenero”, entendida como resposta á situación xenerada no ano 2006, estimase que debería ou podería buscarse unha solución menos gravosa económico para o Concello de Vigo, de xeito tal que fose o propio Ministerio do Interior (Dirección Xeral da Policía e Garda Civil-mando único) quen sufragase o gasto que xenera a colaboración coa mesma en tan loable tarefa, sempre previo o establecemento dos correspondentes mecanismos convencionais ao efecto.
- Nos supostos en que a redenominación e/ou incremento de complemento específico tenda a regularizar situacións preeexistentes que viñan abonándose como complementos retributivos de productividades ou gratificacións por servizos extraordinarios –que en ningún caso poden ter carácter de retribucións fixas nin periódicas- deberán deixarse sin efecto en adiante os actos administrativos ou acordos que amparen o ou-torgamento dos mesmos, aos efectos de evitar duplicidades innecesarias nas retribucións do persoal municipal.
- Para rematar, e en canto á previsión contida no informe técnico de data 13/01/2009 de modificación de retribucións complementarias (en concreto, complemento de destino) propias do posto denominado “Xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios”, reitérase o sinalado na páxina 5 do presente informe, en canto a que a aprobación da Relación de Postos de Traballo en todo caso deberá respetar os intervalos de nivel de complementos de destino normativamente asignados a cada grupo segundo dispón o artigo 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, supletoriamente aplicable ao persoal ó servizo da Administración Local e plenamente vixente en tanto non se opoña ao disposto

no Estatuto Básico do Empregado Público, en tanto non se desenvolva normativamente o novo réxime retributivo dos empregados públicos deseñado pola Lei, artigo que establece que:

“1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo que corresponden a cada Cuerpo o Escala, de acuerdo con el Grupo en el que figuren clasificados, son los siguientes:

<u>Cuerpos o Escalas</u>	<u>Nivel mínimo</u>	<u>Nivel máximo</u>
Grupo A (A1)	20	30
Grupo B (A2)	16	26
Grupo C (C1)	11	22
Grupo D (C2)	9	18
Grupo E (transitorio E)	7	14

2. En ningún caso los funcionarios podrán obtener puestos de trabajo no incluidos en los niveles del intervalo correspondiente al Grupo en el que figure clasificado su Cuerpo o Escala.”

Pola súa banda, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, preceptúa no seu artigo 3 en canto ao Complemento de destino que:

“1. Los intervalos de los niveles de puestos de trabajo de los funcionarios de Administración Local serán los que en cada momento se establezcan para los funcionarios de la Administración del Estado.

2. Dentro de los límites máximo y mínimo señalados, el Pleno de la Corporación asignará nivel a cada puesto de trabajo atendiendo a criterios de especialización, responsabilidad, competencia y mando, así como a la complejidad territorial y funcional de los servicios en que esté situado el puesto.

3. En ningún caso los funcionarios de Administración Local podrán obtener puestos de trabajo no incluidos en los niveles del intervalo correspondiente al grupo de titulación en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría.

4. Los complementos de destino asignados por la Corporación deberán figurar en el presupuesto anual de la misma con la cuantía que establezca la Ley de Presupuestos Generales del Estado para cada nivel.

5. Los funcionarios sólo podrán consolidar grados incluidos en el intervalo correspondiente al grupo en que figure clasificada su Escala, Subescala, clase o categoría, de conformidad con lo establecido en el artículo 21 de la Ley de Medidas para la reforma de la Función Pública, y de acuerdo con lo establecido en el presente Real Decreto.”

Se ben a mesma norma contempla na súa Disposición Adicional Primeira que: “a efectos de lo previsto en el número 1 del artículo 2 de este Real Decreto, los Cuerpos, subgrupos y plazas que en el momento de aplicación del nuevo sistema tuvieran asignados los índices de proporcionalidad 10, 8, 6, 4 y 3 se considerarán integrados, respectivamente, en los grupos A, B, C, D y E.”, tamén é certo que na súa Disposición Adicional Segunda afirma que:

“Las retribuciones básicas de los funcionarios de la policía municipal y del servicio de extinción de incendios serán las que legalmente correspondan conforme a las siguientes equivalencias:

*-inspector, subinspector y oficialgrupo A (A1)
-suboficial y sargento.....grupo C (C1)
-cabo, guardia y bombero.....grupo D (C2)”*

Sabido é que as retribucións básicas –así denominadas por canto retribúen a praza e non o posto- están integradas polo soldo base, a antigüidade e a parte proporcional das pagas extraordinarias, estando o complemento de destino incluído nas retribucións complementarias.

En xusta coherencia co anterior, non pode propoñerse legalmente a modificación do citado nivel de complemento de destino do 26 ao 28 mentres a él figure adscrito un efectivo cuxa praza de ingreso esté encadrada no subgrupo A2.

VII. Polo que respecta ás Instruccións de Plantilla anexas á RPT, debe sinalarse que as mesmas regulan, entre outros aspectos, os supostos de devengo de retribucións complementarias non fixas nin periódicas como son o complemento de productividade e as gratificacións por servizos extraordinarios, cinguíndose a supostos concretos e excepcionais (oficiais conductores adscritos á Alcaldía, traballo realizados pola conserxería, etc.).

Responden as mesmas ao consenso político-sindical acadado ao efecto, segundo consta na acta da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 16 de xaneiro do 2009.

Debe salientarse que tanto as productividades como as gratificacións en ningún suposto poden ter carácter fixo nin periódico no seu devengo, como se sinala na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, en consonancia coa Lei 7/2007, do 12 de abril, debido a que a súa finalidade esencial e retribui-lo especial rendemento, adicación ou interese co que os empregados/as públicos desenvolven o seu posto de traballo (caso do complemento de productividade) ou os servizos extraordinarios efectivamente realizados fóra da xornada laboral (caso das gratificacións).

Igualmente, debe salientarse que todo expediente que non se atope no Servizo de Recursos Humáns a día 5 de cada mes non será tramitado ata o mes seguinte, como xa se contemplaba na Instrucción Quinta da RPT aínda vixente; é ben coñecida a sobrecarga de traballo que soporta con carácter habitual e continuado a Unidade de Persoal (os funcionarios/as adscritos á mesma) atopando en moitas ocasións a incomprensión por parte de certos servizos cando se producen retrasos na inclusión de retribucións complementarias en nómina; retrasos que, na maioría dos casos, prodúcense precisamente pola defectuosa remisión das propostas por parte dos mesmos, así como da escasa dilixencia na súa subsanación, que en ningún caso constitúe obriga deste Servizo.

Reitérase idéntica observación que a efectuada no informe emitido pola suscibinte á Relación de Postos de Traballo ao ano 2008, en canto a que os traslados de persoal estaban regulados na Instrucción novena da RPT aprobada no ano 2005 e aínda vixente; tras a entrada en vigor do reiteradamente citado Estatuto Básico do Empregado Público, debe recollerse o preceptuado no artigo 81.2 da dita lei, que contempla que as Administracións Públicas, de xeito motivado, poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando no seu caso a adscripción dos postos de traballo dos que sexan titulares; previsión normativa diferida pero que en nada se opón á normativa vixente ata o momento en canto á reassignación de efectivos e ao réxime de traslados de persoal, medida escasamente popular pero legalmente permitida cando as necesidades dos servizos así o reclamen, e cuxa finalidade debe ser acadar unha Administración flexible, con efectivos eficientes que contribúan a mellorar a prestación e a calidade dos servizos públicos, prescindindo do tradicional concepto de empregado público inamovible nun posto de traballo e nun servizo concreto e anquilosado funcional e intelectualmente que por desgraza tanto impera nas diferentes Administracións Públicas deste país.

VIII. A presente proposta debe ser fiscalizada con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao tratarse dunha proposta de acordo con contido económico, nos termos do disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

IX. Vistas as competencias que en canto á xestión do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo ostenta a Xunta de Goberno Local, recollidas no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previa a preceptiva fiscalización da mesma nos termos expostos, en estric-

to cumprimento dos actos, acordos e instruccions do servizo referenciadas ao longo do presente informe, sométese á aprobación do dito órgano a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

